

Con barqueira e remador

IV Obradoiro Internacional de Tradución Poética



Do 19 ao 24 de outubro de 2015

Illa de San Simón - Redondela





Presentación

O Obradoiro Internacional de Tradución Poética *Con barqueira e remador* acada xa a cuarta edición anual declarando a súa continuidade tanto como o seu carácter pioneiro e singular. Un traballo intensivo, presencial e recíproco de intercambio entre linguas e poéticas coordinado por Yolanda Castaño.

Ao longo dunha semana, ese berce simbólico da lírica galega que é a Illa de San Simón, convértese nun campo base de proxección internacional para sete solventes tradutoras/es literarios que son á vez algunhas das plumas máis recoñecidas de cadansúa lingua. Conformando un elenco dunha excelencia e calidade literaria do máximo nivel, participantes chegados dende Oriente Medio ata Europa do leste, dende o Estremo Oriente ata o Mediterráneo, comparten unha experiencia na que o inglés opera como lingua franca. Así se artella un mutuo transvasamento no que cada poeta traduce ao seu idioma e é traducida/o aos outros seis.

Lonxe de desaproveitar a valiosa estadía destas sete figuras das letras mundiais contemporáneas na Galicia sur, o obradoiro especializado enriquecese ademais poñéndoo en contacto co noso vizoso tecido cultural e público lector. Tal intercambio dispónse a través dun programa de actos paralelos abertos e gratuítos.

Patrocinado polas secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e mais polo Concello de Redondela, a carón doutras entidades colaboradoras, *Con barqueira e remador* coloca Galicia no mapa deste tipo de iniciativas, facendo do galego e da Illa de San Simón a súa lingua de comunicación e unha sólida lanzadeira cara ao mundo.



Programa de actos

recitas poéticas multilingües

20 h ●

Mércores 21

Casa da Luz. Praza da Verdura. Pontevedra

En colaboración coa AELG e o Concello de Pontevedra.

A mellor mostra tanto do traballo poético dos autores/as participantes coma do labor de tradución (ao galego) durante o proxecto.

20 h ●

Xoves 22

Charenton Club Cultura. Ramón Nieto 58. Vigo

En colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI).

20 h ●

Venres 23

Multiúsos da Xunqueira. Redondela

En colaboración co Concello de Redondela.

Poñendo o ramo ao obradoiro, cada poeta recita no seu idioma orixinal seguido das versións en galego realizadas para a ocasión.





Participantes



Josep M. Rodríguez naceu en Súrria (Barcelona) en 1976 e reside en Lleida. Debutou a finais dos 90 con *Las deudas del viajero* e cun poemario escrito en catalán, *Castell de sorra*, V Premio Universitat de Lleida. Mais, dende aquela, a súa obra literaria desenvólvese maiormente en castelán, como testemuñan os títulos: *Frío* (2002), *La caja negra* (2004), *Raíz* (2008) e *Arquitectura yo* (2012). Toda unha traxectoria que recolle a antoloxía *Ecosistema* (2015). A obra de Josep M. Rodríguez, que se ten traducido en parte a diversos idiomas, foi distinguida con galardóns como o Premio Internacional de Poesía Generación del 27, e fai parte das máis importantes antoloxías de poesía española

contemporánea, xa publicadas dentro xa fóra do Estado. Desempeñándose como crítico literario dende 1998, publicou *Hana o la flor del cerezo* (2007) —un ensaio arredor da poesía xaponesa na literatura occidental que acadou o Premio Internacional Amado Alonso de Crítica Literaria en 2007— e as antoloxías *Yo es otro. Autorretratos de la nueva poesía* (2001) e *Alfileres. El haiku en la poesía española última* (2004). Do seu labor como tradutor cabe salientar os *Poemas de madurez* (2004), de Kobayashi Issa.

Sholeh Wolpé é poeta, dramaturga, editora e tradutora. Naceu no Irán e pasou a meirande parte da súa adolescencia en Trinidad e Gran Bretaña antes de se instalar en Os Ánxeles (California). É autora de tres libros de poesía, tres de traducións e editora de tres antoloxías. Como editora literaria publicou —entre outras obras— unha antoloxía da poesía americana de protesta, ou tamén a titulada *O prohibido: poemas do Irán e os seus exilios*. Como tradutora, cabe salientar unha escolma da fascinante poeta persa Forugh Farrokhzad, unha colección de contos de tres autores iranianos, unha co-tradución ao persi do *Canto a min mesmo* de Walt Whitman e, proximamente, *A conferencia dos paxaros* de Attar, o místico iraniano do s. XII. Ademais de gozar de residencias no estranxeiro, Wolpé foi galardoada en 2014 coa bolsa do Pen/Heim, en 2013 co Premio Midwest, e no 2012 co Premio Persa de Tradución Lois Roth.

A súa obra ten sido traducida a varias linguas e incluída en numerosas antoloxías tanto dos Estados Unidos coma doutros países. Sholeh Wolpé impartiu aulas de escrita creativa e tradución literaria no máster de Stonecoast e, frecuentemente, participa en festivais, programas internacionais e diversas actividades universitarias.



A black and white portrait of Tal Nitzán, a woman with long, dark, curly hair, looking directly at the camera with a slight smile. The portrait occupies the upper half of the page.

Tal Nitzán

Nada en Jaffa (Israel), con raíces arxentinas, **Tal Nitzán** é poeta, novelista, editora e tradutora. Hoxe reside en Tel Aviv, dende onde coordina dúas coleccións de literatura latinoamericana e hebrea.

Publicou seis poemarios, dúas obras infantís e dúas compilacións de poesía hispanoamericana. Incansable activista pola paz e o diálogo, editou en EE. UU. e Francia unha revolucionaria antoloxía de 20 anos de poesía israelita de denuncia.

Con máis de oitenta libros ás costas, Nitzán é unha das meirandes tradutoras de literatura hispánica para o hebreo: Machado, Lorca, Neruda, Borges, Octavio Paz, Cortázar, Vallejo, Pizarnik, Onetti, García Márquez, Delibes, Bolaño ou Vargas Llosa, ademais dunha adaptación do Quixote para a mocidade. Por este labor recibiu galardóns como o do Ministerio de Cultura en dúas ocasións, o Premio Tchernijovsky para tradutores sobresalientes e unha Medalla de Honra do Presidente de Chile.

Como poeta recibiu distincións coma o Premio Bernstein de Poesía, o da Asociación de Editores ou o do Ministerio de Cultura. Ademais, poemas seus foron traducidos a máis de vinte idiomas e amplamente antologados, e publicáronse escolmas da súa poesía en italiano, francés, lituano, portugués, alemán e español.



Yasuhiro Yotsumoto

Yasuhiro Yotsumoto naceu en 1959 en Osaka pero criouse principalmente en Hiroshima. Así a todo, leva dende 1986 vivindo fóra do seu país, e faino en Múnic dende hai 21 anos. Ten once libros de poesía publicados, incluíndo títulos como *A risa frouxa*, (1991), *O Congreso Mundial dos de Mediana Idade* (2002), *Tarde das palabras prohibidas* (2003) —que acadou o prestixioso premio Hagiwara Sakutarō—, *Hora Dourada* (2004), *A estribor da miña muller* (2006), *Logos pirateado* (2010) ou *Prisioneiro do xaponés* (2012) entre os individuais, e *Poesía contra Vida* (2005) e *O calendario embarrado* (2008) asinados a dúas mans con Masayo Koike e Inuo Taguchi respectivamente. A súa última publicación é *Xornal poético do Xapón moderno* (2015). Tamén neste ano viu a luz a súa primeira novela, *O falso poeta*, e a colección de ensaios *Aos queridos poetas!*

Os seus poemas téñense traducido a máis de 20 linguas, incluíndo tres libros publicados en Australia, Serbia e Romanía. Así mesmo, é autor de novela, conto, ensaios, crítica literaria e traducións ao xaponés de autores como Li Po, Dante, Rilke ou Emily Dickinson entre outros. A súa actividade como editor repártese entre a sección xaponesa do portal web Poetry International e a revista xaponesa de poesía *Beagle*.



Nikola Madzirov

Nikola Madzirov naceu en 1973 en Strumica —actual República de Macedonia— como descendente de refuxiados das Guerras Balcánicas de principios do século pasado. É poeta, ensaísta e tradutor. A súa poesía está hoxe traducida a corenta idiomas e publícase en seleccións e antoloxías por todo o mundo. A súa ópera prima, *Encerrados na cidade* (1999), foi galardoado coma o mellor libro debutante de Macedonia. No mesmo ano publicouse *Nalgures ningures*, que se fixo co Premio Aco Karamanov. O seu libro máis recente, *Pedra trasladada* (2007), valeulle o Premio Hubert Burda para poesía de Europa do Leste, así coma o Premio Irmáns Miladinov, o máis prestixioso de Macedonia en poesía. A esta bibliografía hai que sumar libros seus, en tradución, aparecidos en Croacia, Reino Unido, EE. UU., Alemaña, Bulgaria ou Albania, unha lista á que en 2013 se sumou o seu primeiro poemario en castelán, *Lo que dijimos nos persigue*.

Foi redactor de poesía na revista literaria e cultural Blesok, e un dos coordinadores da rede poética Lyrikline. Ademais, ten recibido numerosas bolsas internacionais como escritor en residencia, caso da IWP da Universidade de Iowa, DAAD e LCB en Berlín, KulturKontakt en Viena, Passa Porta en Bruxelas ou Vila Waldberta en Múnic.



Estibaliz... Espinosa

Estibaliz... Espinosa (A Coruña, 1974) é escritora e música, filóloga e socióloga de formación. Da súa curiosidade pola literatura e a ciencia xorde boa parte da súa obra poética —*curiosidade* é o seu último título—, así como da insaciable procura de novas canles para os contidos, xa en papel, en pantalla ou en redes sociais. Escribe relatos, artigos, mantén www.estibalizespinosa.com e estibalizespinosa.bandcamp.com, administra un blog de traducións (proxecto *sagas*), e fai obradoiros e recitais-concerto tanto dentro como fóra do Estado.

Outros títulos seus son: *Pan (libro de ler e desler)* (2000), —*orama* (2002), *número e* (2004), *Zoommm. Textos biónicos* (2007, 2009), *papel a punto de* (2011) ou o libro infantil *Caer de cu polo universo*. Concedéronlle os premios Esquíu, la Voz+Joven, Serie B de LABoral ou José Saramago de relato, entre outros.

Co híbrido literatura/ciencia artellou dende recitais de literatura e astronomía, ou de ciencia-ficción e robótica, a microrrelatos radiofónicos sobre mulleres científicas. Tamén mesturou música e literatura nalgúns proxectos, ou arte e novas tecnoloxías noutros. Escribe e traduce textos para a Orquesta Sinfónica de Galicia, entidade na que traballou como membro do coro.



Ostap Slyvynsky é poeta, tradutor, ensaísta e crítico literario. Naceu na cidade ucráína de Lviv (ou Leópolis) en 1978. É autor de catro poemarios en ucráino: *O sacrificio do Gran Peixe* (1998), *A liña do mediodía* (2004), *Baile na escuridade* (2008) e *Adán* (2012). Tendo sido parcialmente traducido ata a quince linguas, unha súa escolma poética publicouse en polaco en 2009 e en ruso en 2013; e outra obra fíxoo en Eslovaquia neste 2015.

No ano 1997 foi galardoado na Ucraína co Premio Literario B. I. Antonych, en 2009 recibiu en Alemaña o prestixioso Hubert Burda e en 2013 o premio da estadounidense Fundación Kovalik. Activo participante e colaborador en multitude de festivais literarios dentro e fóra do seu país, el mesmo coordinou o

Festival Internacional do Forum de Editores en Lviv en 2006 e 2007. Ademais, é o editor asociado da revista literaria polaco-xermano-ucraína *RADAR*.

Slyvynsky traduce do búlgaro, do inglés, do macedonio, do polaco e do ruso (Czesław Miłosz, Andrzej Stasiuk ou Derek Walcott entre moitos outros). En 2007 concedéuselle o galardón da Embaixada Polaca á mellor tradución do ano, e —doutorado en literatura búlgara contemporánea— na actualidade traballa dando aulas de literatura polaca na Universidade de Lviv.





Patrocinan



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
REDONDELA

Colaboran



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



שגרירות ישראל
EMBAXADA DE ISRAEL
ESPAÑA